



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Plan de Emprego Social do Concello de Ponteceso 2020-2021

**Expediente: 2022/X999/000007**

Rematado o proceso selectivo do Plan de Emprego Social 2020-2021, a comisión de selección elevou a proposta, acordada na reunión celebrada na data 25-11-2020, acordando a alcaldía a súa contratación por medio da resolución núm. 878 do 27-11-2020. Pola resolución da alcaldía núm. 903/2020 do 04-12-2020 acordouse a ampliación da contratación aos 7 aspirantes que figuraban como reservas na bolsa de emprego. Rematando a contratación aos 6 meses do inicio, tal como figuraba nas bases da convocatoria, ao non poder prorrogarse a mesma por falta de financiamento con recursos propios ao rexeitarse a proposta da alcaldía para a súa inclusión no POS+2021. Pola resolución da alcaldía núm. 692/2021 de data 29-10-2021 acordouse prorrogar por un ano o Plan de Emprego Social, actualizar a bolsa de emprego e contratar aos 12 integrantes da mesma que aceptaron o chamamento e presentaron a documentación preceptiva da posesión dos requisitos esixidos nas bases reguladoras da convocatoria, e neste intre persisten as nefastas consecuencias da pandemia do COVID19 no tecido produtivo de Ponteceso e a falta de oportunidades laborais para este colectivo.

Logo de ver que debido á falta de fondos non se lles puido prorrogar o contrato a estes traballadores, e vendo que na actualidade este concello ten a necesidade de acometer con urxencia distintos traballos de competencia municipal, como a limpeza dos camiños de acceso aos núcleos de poboación e vías públicas municipais, traballos de roza e o mantemento e acondicionamento das instalacións municipais, servizos para os que non se conta con suficiente persoal municipal que os poida prestar, mais sendo estes de carácter esencial e prioritario na actividade municipal, por estar recollidos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da bases de réxime local, esta Alcaldía, en función do crédito dispoñible que determine a Intervención, estima necesario e urxente a contratación e a cobertura mínima de tres postos durante tres meses ou do máximo que proceda en función do crédito dispoñible, para a realización das funcións anteriormente descritas, realizando os chamamentos a través da devandita bolsa de emprego do Plan de Emprego Social de 2020-2021, a cal é preciso actualizar.

Así mesmo, tendo en conta a evolución desfavorable da pandemia da COVID cómpre ter presente que o virus segue activo e moi presente nas nosas vidas resultando unha seria ameaza, posto que a pandemia está a acadar uns picos de contaxios moi altos e non se debe baixar a garda diante da COVID. É por isto que necesitamos seguir reforzando as medidas hixiénico-sanitarias tanto dos empregados municipais, realizando un mantemento adecuado das instalacións municipais, como da veciñanza en xeral, extremando as medidas de limpeza naqueles lugares de uso público e común para garantir a súa saúde, motivo este que tamén xustifica a necesidade de contratar a estes traballadores co fin de mitigar os efectos da pandemia.

Logo de ver os informes que figuran no expediente 2020/X999/000467, en relación ao absentismo de algúns traballadores do Plan de Emprego Social, a alcaldía entende necesario que cando se teña causa obxectiva fundamentada se exclúan da bolsa aos traballadores que incorran en absentismo sen causa xustificada, así como que nas novas contratacións se inclúa unha cláusula relativa ao período de proba o cal se establecerá con carácter xeral do período dun mes.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

A resolución de Alcaldía núm. 692/2021 do 29-10-2021 actualizou a bolsa de emprego existente do Plan de Emprego Social 2020-2021, creada o 27-11-2020 pola resolución de Alcaldía nº 878/2021.

Pola providencia da Alcaldía de data 05-01-2022 dispúxose que pola Intervención se procedera ás retención de crédito precisas para a contratación de tres operarios por tres meses, e a súa fiscalización previa posterior e que polo T.A.X-Coordinador Xeral se emitira un informe relativo á contratación de persoal integrante da Bolsa de Emprego do “Plan de Emprego Social 2020-2021”, emitidos ámbolos dous nesta data de 13-01-2022.

No expediente 2020/X999/000467 consta o informe dos servizos municipais de data do 04-01-2022, en relación ao absentismo dun traballador do Plan de Emprego Social, José García Méndez, no que se acredita a súa ausencia os días 16, 17, 24 e 29 de novembro e desde o 1 de decembro ata o 31 de decembro de 2021, consonte ao criterio desta Alcaldía exposto na providencia de data 05-01-2022, cando se teña causa obxectiva fundamentada excluíranse da bolsa aos traballadores que incorran en absentismo sen causa xustificada. A Alcaldía entende necesario incluír nas novas contratacións unha cláusula relativa ao período de proba o cal se establecerá con carácter xeral polo período dun mes.

Os custes dos operarios de servizos a contratar por medio da bolsa do Plan de Emprego Social 2020-2021 son os seguintes:

Custe por tres meses de contratación salarial individual: 3.771,56 euros (inclúese a indemnización fin de contrato e vacacións)

Custe por tres meses para a seguridade social individual: 1.390,30 euros.

Polo que as retencións de crédito realizadas pola Intervención municipal financiarían a contratación de 3 operarios de servizos durante tres meses.

Custe salarial:  $3 \times 3.771,56$  euros = 11.314,68 euros- Inferior aos 11.316,00 euros do RC.

Custe seguridade social =  $3 \times 1.390,30$  = 4.170,90 euros- Inferior aos 4.173,00 euros do RC.

No expediente constan os RC que presenta a Intervención municipal correspondentes a salarios e Seguridade Social, polo importe respectivo de 11.316,00 euros e 4.173,00 euros.

Acreditada a necesidade e a insuficiencia de medios humanos neste concello para a realización de tarefas propias de operarios de servizos, anteriormente descritas, poderíase contratar aos candidatos aprobados no proceso selectivo do Plan de Emprego Social 2020-2021:

3 Operarios de Servizos- Categoría Laboral: Peóns- Grupo cotización: 10. Xornada completa, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, eventual por circunstancias da produción e de interese social, establecéndose un período de proba dun mes.

Realizado o chamamento aos integrantes da bolsa de emprego aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 692/2021 do 29-10-2021 produciuse o seguinte resultado: o candidato número 1 renuncia por estar contratado noutra empresa, os candidatos número 2 e 3 aceptan, o candidato número 4 atópase de baixa médica, o candidato número 5 renuncia por ter que someterse a unha intervención cirúrxica, o candidato número 6 renuncia por estar traballando e o candidato número 7 acepta, resultando que aceptan os seguintes candidatos:

1. M<sup>a</sup> Rocío Amado Mato
2. Miguel Manuel Vicente Ferreiro
3. Juan José Varela Lema



CONCELLO DE PONTEVEDRA  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Realizado o requirimento aos candidatos que amosaron a súa conformidade á contratación laboral para a presentación dunha declaración responsable na que se fai constar que non experimentaron variacións con respecto aos requisitos esixidos nas bases do proceso selectivo, da tarxeta acreditativa da súa condición de demandante de emprego e dun informe médico, e presentada a dita documentación, compróbase que cumpren os citados requisitos.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me confire a lexislación de réxime local

## RESOLVO

**Primeiro:** Excluir da bolsa de emprego do “Plan de emprego social 2020-2021” ao candidato número 8, José García Méndez, con DNI núm. \*\*\*1996\*\*, por causa de absentismo laboral non xustificada durante o contrato de traballo que tivo lugar entre o 1 de novembro ao 31 de decembro de 2021, en base ao informe de data 04-01-2022 incorporado ao expediente 2020/X999/000467, acreditándose a súa ausencia os días 16, 17, 24 e 29 de novembro e desde o 1 de decembro ata o 31 de decembro de 2021.

**Segundo:** Aprobar a actualización da bolsa de emprego de candidatos integrantes do “Plan de Emprego Social 2020-2021” aprobada inicialmente pola resolución núm. 878 do 27-11-2020:

Posto	DNI	Nome e Apellidos	Puntuación
1.	***3609**	URES VILA MARÍA LUISA	46,20
2.	***6146**	AMADO MATO MARIA ROCIO	43,20
3.	***2633**	VICENTE FERREIRO MIGUEL MANUEL	38,20
4.	***1692**	VIDAL RODRÍGUEZ YOLANDA	34,20
5.	***4126**	GERPE SUÁREZ JOSE ANTONIO	32,00
6.	***3938**	BLANCO MUÑOZ ABEL JESÚS	30,70
7.	***5688**	VARELA LEMA JUAN JOSÉ	29,00
8.	***1234**	PÉREZ BLANCO SANDRA	27,00
9.			



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

***6494**	FACAL FACAL M <sup>a</sup> CARMEN	25,00
10.		
***4488**	PEÑA GARCÍA LUIS	23,40
11.		
***0341**	ABDERRAHAMÁN ROMERO DINA	20,00
12.		
***5365**	RODRÍGUEZ VARELA MARTÍN	18,00
13.		
***2645**	CARABEL VARELA ROBERTO	15,30
14.		
***1724**	ÁLVAREZ COLLAZO JOSE DANIEL	14,10
15.		
***0055**	LEMA LEMA MARÍA CONSUELO	12,20
16.		
***0570**	MARQUEZ VARELA MIGUEL PABLO	12,00

**Terceiro:** Contratar aos 3 integrantes da bolsa de emprego que presentaron a súa declaración responsable conforme cumpren os requisitos esixidos e que aceptaron o chamamento como Operarios de Servizos, coa categoría laboral de peóns, grupo de cotización 10, e retribucións brutas mensuais de 1.125,83 euros, incluída a prorrata das pagas extraordinarias, polo período comprendido desde o 17 de xaneiro de 2022 ata o 16 de abril de 2022, a xornada completa a prestar de luns a domingo cos descansos legalmente establecidos, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, eventual por circunstancias da produción e de interese social, establecéndose un período de proba dun mes, sendo estes 3 candidatos os seguintes:

1. M<sup>a</sup> Rocío Amado Mato (candidata núm. 2)
2. Miguel Manuel Vicente Ferreiro (candidato núm. 3)
3. Juan José Varela Lema (candidato núm. 7)

**Cuarto:** Publicar esta resolución na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

O alcalde

A secretaria en réxime de acumulación

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: María Cristina Varela García